

TODO LÍRICA

Santiago de Compostela

Nadal 2011



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**ASOCIACIÓN
GALEGA DA LÍRICA**



**DEPUTACION DA
CORUÑA**
www.dicoruna.es

TODO LÍRICA Nadal 2011

venres 23 decembro

XIMO TEBAR & IVAM JAZZ ENSEMBLE

MILES GRIFFITH *voz*

DARRYL HALL *contrabaixo*

RICARDO BELDA *piano*

DONALD EDWARDS *batería*

XIMO TEBAR *guitarra*

Nadal de jazz arredor do mundo

luns 26 decembro

GLORIA AMIL *soprano*

JULIO ALEXIS MUÑOZ *piano*

Novas voces galegas

Granados, Turina, Schubert, Donizetti, Massenet e Bernstein

xoves 29 decembro

AINHOA ZUAZUA *soprano*

MARIFÉ NOGALES *mezzosoprano*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

París: opereta, chansson e belcanto

martes 3 xaneiro

GABRIEL BERMÚDEZ *barítono*

QUICO CADAVAL *actor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

A fermosa muiñeira, Schubert

Teatro Principal (Santiago de Compostela), 21:00

ENTRADAS SOLTAS 8 euros / 4 euros reducida

ABONO (4 concertos) 25 euros

SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS DE NOVAGALICIA BANCO

Abonos (a partir do 15 de decembro): 902 43 44 43

Entradas soltas (a partir do 21 de decembro): www.novagaliciabanco.es e 902 43 44 43

TAQUILLA DO TEATRO PRINCIPAL (12:30-14:00 e 18:00-21:00)

Abonos: mércores 21 e xoves 22 de decembro

Entradas soltas: o día de cada concerto

INFORMACIÓN galegalirica@terra.es / 981 58 16 52 / 981 54 23 47

Co Nadal chega de novo Todo Lírca, un eclético ciclo de concertos creado no 2001 co nome de Festival de Zarzuela de Santiago, que segue habitualmente o formato de recitais de voz e piano, e que cada ano ven ampliando os seus contidos a outros xéneros musicais. Precisamente unha das grandes novidades desta edición 2011 de Todo Lírca chega no seu concerto inaugural que protagoniza Miles Griffith, reputado e innovador cantante de jazz neiorquino que foi calificado polo lendario Wynton Marsalis como “un músico extraordinario que forma parte xa da historia do jazz e o blues do século XXI”. Miles Griffith estará acompañado no escenario do Teatro Principal compostelán o venres 23 de decembro polo IVAM Jazz Ensemble, a agrupación residente do Museo de Arte Moderno de Valencia que dirixe o guitarrista e compositor Ximo Tébar e que chega a Santiago en forma de cuarteto formado polo propio Ximo Tébar na guitarra, o pianista Ricardo Belda e dous músicos norteamericanos, o contrabaixista Darryl Hall e o batería Donald Edwards. Miles Griffith debuta en Galicia con este especial concerto de jazz dedicado á música de Nadal.

No segundo concerto (luns 26 de decembro), Todo Lírca presenta a unha nova cantante galega, Gloria Amil. A soprano ferrolá cantará un variado programa que inclúe cancións de Granados, Turina, Schubert e Strauss e arias de ópera de Donizetti (*La fille du régiment*), Massenet (*Manon*) e Bernstein (*Candide*) secundada ao piano polo canario Julio Alexis Muñoz (mestre da madrileña Escola Superior de Canto e acompañante habitual dalgunhas das máis destacadas figuras españolas da lírica).

Unha pequena homenaxe a París renderán no seu concerto do xoves 29 de decembro un trío de artistas vascos, a soprano Ainhoa Zuazua, a mezzosoprano Marifé Nogales e o pianista Rubén Fernández Aguirre (un vello coñecido do público compostelán que non falta á súa cita anual dende a creación deste ciclo hai xa once anos). Este programa titulado *París: opereta, chanson e belcanto* comeza con Manuel García e Paulina Viardot (dous dos membros da musical familia dos García) antes de ofrecer unha variada selección de cancións e arias e dúos de ópera e opereta de compositores franceses de tan variados estilos como Delibes, Berlioz, Messenger, Saint-Saëns, Offenbach e Fauré.

O cuarto dos concertos tamen supón unha novidade dentro dos contidos de Todo Lírca que se achega ao mundo do lied alemán a través de *Die schöne Müllerin* (*A fermosa de muiñeira*) de Franz Schubert, sen dúbida un dos ciclos de cancións máis fermosos da historia da música. A proposta de Todo Lírca para a interpretación o martes 3 de xaneiro desta obra de Schubert composta a partir de poemas do alemán Wilhelm Müller inclúe ao actor galego Quico Cadaval xunto aos protagonistas musicais deste concerto, o barítono madrileño Gabriel Bermúdez (unha das voces do panorama lírico español de maior proxección internacional) e, de novo, o pianista bilbaíno Rubén Fernández Aguirre.

No Teatro Principal propoñemos un Nadal con moita, variada, alegre e, sobre todo, boa música. As entradas para cada concerto poden adquirirse a 8 euros no servizo de venda de entradas de Novagalicia Banco e na taquilla do Teatro Principal. E tamén está disponible un abono de 25 euros para os catro concertos.

CONCERTO 1

venres 23 de decembro de 2011

XIMO TEBAR & IVAM JAZZ ENSEMBLE

MILES GRIFFITH

Nadal de jazz arredor do mundo

XIMO TÉBAR *guitarra*

Ximo Tébar, guitarrista, compositor e produtor, está considerado un importante referente da elite do jazz. Actuou en relevantes auditorios como o Apollo Theater de Nova York, o Jazz at Lincoln Center e nos máis prestixiosos clubs de jazz e festivais do mundo, como San Sebastián Jazzaldia, Vitoria-Gasteiz, San Petersburgo, Moscow Jazz Festival, Montreux, North Sea, Birdland, etc.

A súa música foi avalada por grandes mestres do jazz como Benny Golson, Lou Bennett, Johnny Griffinn ou George Benson, así como polos numerosos premios e as excelentes críticas que recibiu, que o situaron nun lugar destacado dentro do jazz actual.

MILES GRIFFITH *voz*

“O cantante Miles Griffith é un músico extraordinario. A súa voz e a súa creatividade asegúranlle formar parte da historia do blues e do jazz do século XXI” (Wynton Marsalis). As raíces musicais de Miles Griffith emanan das igrexas batista, metodista, pentecostés e yoruba, todas elas moi arraigadas no acervo cultural de Nova York.

IVAM JAZZ ENSEMBLE

Ricardo Belda *piano*

Darryl Hall *contrabaixo*

Donald Edwards *batería*

O IVAM Jazz Ensemble, residente no Museo de Arte Moderno de Valencia e dirixido polo ecléctico guitarrista valenciano Ximo Tébar (calificado pola prensa especializada como un dos mellores músicos europeos de jazz), destaca como proxecto musical innovador, que experimenta cos mellores músicos do mundo na vangarda do jazz e a música moderna de forma continuada como parte integrada das actividades paralelas do IVAM. Amplíase desta forma a oferta cultural do museo e ábrese a outras disciplinas como a música de jazz de vangarda.

CONCERTO 2

luns 26 de decembro de 2011

GLORIA AMIL *soprano*

JULIO ALEXIS MUÑOZ *piano*

Novas voces galegas

Granados, Turina, Schubert, Donizetti, Massenet e Bernstein

PARTE I

ENRIQUE GRANADOS (1867-1916)

Canciones amatorias

Lloraba la niña

No lloréis ojuelos

Gracia mía

Goyescas (1911)

Quejas o La maja y el ruiseñor

JOAQUÍN TURINA (1882 - 1949)

Poema en forma de canciones, op 19 (1917)

Dedicatoria

Nunca olvida

Cantares

Los dos miedos

Las locas por amor

PARTE II

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

An Sylvia, D 891

Gretchen am Spinnrade, D 118

RICHARD STRAUSS (1864 -1949)

Zueignung, op 10 n^o1

GAETANO DONIZETTI (1797-1848)

Salut à la France!, de *La fille du régiment* (1940)

JULES MASSENET (1842-1912)

Je suis encore tout étourdie, de *Manon* (1884)

LEONARD BERNSTEIN (1918-1990)

Glitter and be gay, de *Candide* (1956)

GLORIA AMIL soprano

Gloria Amil naceu en Ferrol e aos oito anos comezou a súa formación musical no Conservatorio da Coruña. Encamínase cara ao canto e estudia con Inés Rivadeneira, Isabel Penagos e Enzo Spatola. Asiste a cursos e clases maxistras de Teresa Berganza, Miguel Zanetti, Ana Luisa Chova e W. Rieger e trasládase a Múnic para ampliar estudos. Tras ofrecer numerosos concertos como solista, en 2004 recibe o premio ao mellor intérprete de zarzuela no Concurso Internacional de Canto Cidade de Logroño, inaugurando ao ano seguinte o Ciclo Nacional de Música desa cidade. Debuta no terreo da ópera como Annina de *La Traviata* na Coruña, papel ao que seguiron os de Papagena e Raíña da Noite (*A frauta máxica*), Blonde (*O rapto no serrallo*), Despina (*Cosí fan tutte*), Clotilde (*Norma*), Inés (*Inés e Bianca*, de Marcial del Adalid) e dama de Lady Macbeth (*Macbeth*). En 2007 recibe o premio Andrés Segovia/Ruíz Morales, en Santiago de Compostela, e intervén no recital “As novas voces galegas” no Festival de Ópera da Coruña. Entre as orquestras coas que cantou destacan a Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla-León, Orquestra Sinfónica do Amazonas, Orquestra Sinfónica de Tenerife, etc., baixo a dirección de Maximino Zumalave, Marcello Panni, Rubén Gimeno, Giovanni Pacor, Luis Fernando Malheiro, Vassily Petrenko, Miguel Ángel Gómez Martínez e Luciano Acoccella, entre outros. Traballou con directores de escena como Elena Barbalich, Tomás Muñoz, Giulio Ciabatti, Davide Livermore ou Francisco López. Cantou, entre outros, no Teatro Campoamor de Oviedo, Festival de Ópera da Coruña, Teatro Real, Festival de Ópera de Tenerife, Teatro Arriaga de Bilbao e Teatro da Maestranza de Sevilla.

JULIO ALEXIS MUÑOZ piano

Estudia nos conservatorios de Las Palmas e de Madrid. En 1986 a International Meuhin Music Academy concédelle unha beca de especialización en música de cámara para a súa sede de Gstaad (Suíza). Continúa a súa formación superior na Academia Franz Liszt de Budapest e nos cursos de posgrao de Marta Gulyas, Peter Nagy e Ferenc Rados, becado polo Cabildo de Gran Canaria. Xunto aos mestres Félix Lavilla, Miguel Zanetti e Wolfrang Rieger especialízase no repertorio vocal. En 1986 obtén o premio fin de carreira e o primeiro premio do II Concurso pianístico “Pedro Espinosa”, e en 1989 o segundo premio do concurso permanente de Xuventudes Musicais en música de cámara. Desenvolve unha intensa actividade de concertos como intérprete de música de cámara e é colaborador habitual de primeiras figuras da lírica e da nova xeración de cantantes, como Iñaki Fresán, Alicia Nafé, Ismael Jordi, Gabriel Bermúdez, M^a José Moreno, José Julián Frontal, Teresa Berganza, Yolanda Auyanet, Ana Lucrecia García, Alfredo García, Shioda Minako, Masuda Tomoko, Gabrielle Viviani, Manuel de Diego, Cristina Faus, Miroslava Giordanova, Nancy Fabiola Herrera, etc. Ofreceu concertos en salas e festivais de Europa, América, Oriente Próximo e Asia. Estreou numerosas obras de compositores españois contemporáneos e gravou para RNE e Radio Bratislava, EMEC (*España no lied romántico*), Andante (*Poesías de Ángel González*), Sony Classics (*Cancións de Rachmaninov, Rodrigo e Montsalvatge*) e MSR Classics (*Spanish Poetry in 20th-21st Century Song*). Foi profesor de piano no Conservatorio da Comunidade de Madrid, colaborador nos Cursos Internacionais Música en Compostela, e de Teresa Berganza e Manuel Cid na Escola Superior de Música Raíña Sofía. Desde 1991 é profesor de repertorio vocal na Escola Superior de Canto de Madrid. Imparte con regularidade clases maxistras de repertorio vocal e música española para universidades de Estados Unidos (South Carolina, Saint Louis, Kansas, Norfolk) e Xapón (NikiKai, Showa, Kunitachi e Tokyo Ondai).

CONCERTO 3

xoves 29 de decembro de 2011

AINHOA ZUAZUA *soprano*

MARIFÉ NOGALES *mezzosoprano*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

París: opereta, chanson e belcanto

PARTE I

MANUEL GARCÍA (1775-1832): *L'isola disabitata* (1831)

“Ah germana! Ah Constanza!”, dúo de Constanza e Silvia

PAULINE VIARDOT (1821-1910)

Habaneira a dúas voces

PAULINE VIARDOT (1821-1910)

Les Filles de Cadix (*mezzosoprano*)

LÉO DELIBES (1836-1891)

Les Filles de Cadix (*soprano*)

LÉO DELIBES (1836-1891): *Lakmé* (1883)

“Viens, Mallika”, dúo de Lakmé e Mallika

PARTE II

HECTOR BERLIOZ (1803-1869)

Pleure, pauvre Colette, H 11

Le Trébuchet, op 13 n°3

ANDRÉ MESSAGER (1853-1929): *L'amour masqué* (1923)

“J'ai deux amants”, aria de Elle (*soprano*)

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835-1921)

Pastorale

El Desdichado (Boléro)

JACQUES OFFENBACH (1819-1880): *La Périchole* (1868)

“Ah! quel dîner je viens de faire”, arietta da griserie da Périchole (*mezzosoprano*)

GABRIEL FAURÉ (1845-1924)

Dous dúos, op10 (1873)

1. Puisqu'ici-bas toute âme

2. Tarantelle

AINHOA ZUAZUA soprano

Nacida en Ermua (Bizkaia), comeza os seus estudos musicais aos seis anos, recibindo clases de canto de Agurtxane Mentxaca. En 1999 ingresa na Escola superior de canto de Madrid e cursa estudos con Teresa Tourné e Rogelio Gavilanes. En 2002 supera as probas de acceso á Universität für Musik und Darstellende Kunst de Viena (Austria) e, bolsada pola deputación de Bizkaia, recibe clases de Claudia Visca, Mathias Lademan, Didier von Orłowsky e Uwe Theimer, entre outros. En el 2005 é seleccionada para integrar o estudio de ópera da Opera Nacional du Rhin de Estrasburgo. Recibe clases maxistrals de Victoria de los Ángeles, Patricia Wise, Françoise Pollet e Laurent Naouri, entre otros. Debuta na ópera no Schlosstheater Schönbrunn de Viena no papel de Laura en *Der Bettelstudent* de M. Millöcker. Entre os seus recentes compromisos artísticos cabe destacar o papel de Constanza en *L'isola disabitata* de Manuel García (Teatro Arriaga de Bilbao), Donna Anna en *Don Giovanni* de Mozart (Grenoble), Mademoiselle de Belleusoir de *La Cour du roi Pétaud* (Reims e Clermont-Ferrand), La Antonelli no *Dúo de la Africana* (sala BBK de Bilbao), Mimi (Besançon) e *Vier Letzte Lieder* de Strauss en Stavanger (Noruega). Actuou en *Le journal d'un disparu* de Janacek (teatro de L'Athénée de París), e na nova produción de *Hänsel und Gretel* de Humperdink (Clermont-Ferrand e Besançon). Entre os seus compromisos futuros cabe destacar o rol de Raquel en *La corte del Faraón* de Vicente Leó con dirección escénica de Emilio Sagi e musical de Carlos Aragón.

MARIFÉ NOGALES mezzosoprano

Realiza os seus estudos de canto en Musikene (Centro Superior de Música do País Vasco) coa mezzosoprano Maite Arruabarrena. Actuou nos prestixiosos festivais internacionais de Granada, Peralada e Quincena Musical Donostiarra, e traballou baixo a batuta de importantes directores como Jesús López Cobos, Miquel Ortega, Friedrich Haider, Alberto Zedda, Lutz Köler, Eduardo López Banzo, Vasily Petrenko, Lionel Bringuier e José Ramón Encinar, entre outros. Debuta no Teatro Real de Madrid co papel de Zulma de *L'italiana in Algeri*. Tamén cantou Cherubino de *Le nozze di Figaro* na ABAO, Magdalena de *Il viaggio a Reims* e Prexen de *Mirentxu* no Teatro Arriaga de Bilbao, Mercedes de *Carmen* no Palacio Baluarte de Pamplona e no Auditorio Miguel Delibes de Valladolid xunto a Magdalena Kozena, Inés de *Il trovatore* no Teatro Campoamor de Oviedo, Siebel e Zerlina no Teatro Amaia de Irún e rapaza-flor de *Parsifal* en Santiago de Compostela. No campo do oratorio, cantou *A paixón segundo San Mateu* de Bach no Auditorium Príncipe Felipe de Oviedo e a *Cuarta Sinfonía de Mahler* en Granada. Destaca a súa participación na estrea absoluta da ópera *A casa de Bernarda Alba* de Miquel Ortega así como na estrea europea de *L'isola disabitata* de Manuel García nos Teatros Arriaga de Bilbao e da Maestranza de Sevilla con dirección escénica de Emilio Sagi e musical ao piano de Rubén Fernández Aguirre. Gravou Emilia do *Otello* de Verdi baixo a dirección de Friedrich Haider. Dos seus futuros compromisos destaca o seu debut no Teatro da Zarzuela con *O gato montés*.

RUBÉN FERNÁNDEZ-AGUIRRE piano

Nace en Barakaldo (Vizcaya) en 1974. Realiza os seus estudos superiores de piano en Vitoria con Albert Nieto e de correpetición en Viena con David Lutz e Múnic con Donald Sulzen. Recibe ademais os consellos de Félix Lavilla, Miguel Zanetti e Wolfram Rieger. Foi repertorista en cursos e clases maxistrals de R. Scotto, J. Aragall, I. Cotrubas, S. Estes, A. L. Chova, E. Viana ou E.Sagi, pianista oficial do concurso Operalia 2006 (presidido por Plácido Domingo) e mestre correpetidor no Palau de la Música de Valencia, Teatro Real de Madrid e Teatro da Maestranza de Sevilla. Pianista habitual de cantantes como Carlos Álvarez, Ainhoa Arteta, Ismael Jordi, Nancy-Fabiola Herrera, José Manuel Zapata, Elena de la Merced, Celso Albelo e María Bayo, entre outros, tamén actuou con Mariella Devia, Cristina Gallardo-Domâs, Leontina Vaduva, Simón Orfila, Isabel Rey, Mariola Cantarero, Eglise Gutiérrez, Manuela Custer, Gabriel Bermúdez, Sabina Puértotas, Montserrat Martí, etc. e cos bailarines Ángel Corella e Igor Yebra. Actúa na maioría de festivais e teatros españois así como en importantes escenarios de Europa (Musikverein de Viena, Teatro de La Monnaie de Bruxelas, Festival Rossini de Pesaro, Slovenská Televízia de Bratislava), América (Carnegie Hall de Nova York, Auditorio Nacional del Sodre de Montevideo), Oriente Medio (Damasco) e África (Alxer). Ademais é pianista residente do festival Todo Lirica de Santiago de Compostela e do festival de Medina del Campo (Valladolid), e é profesor de repertorio vocal dos Cursos de verán "Isaac Albéniz" de Camprodón (Girona) e da Universidade do País Vasco en Bilbao. Da súa discografía destacan tres cds da integral de voz e piano de Antón García-Abril (Bolamar Music Media) xunto a algúns dos máis destacados cantantes españois. No ano 2010 recibe o premio Ópera Actual "pola súa dedicación á lírica e o crecente prestixio que está logrando neste campo".

CONCERTO 4

martes 3 de xaneiro de 2012

GABRIEL BERMÚDEZ *barítono*

QUICO CADAVAL *actor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

Schubert: A fermosa muiñeira

FRANZ PETER SCHUBERT (1794-1827)

Die schöne Müllerin (A fermosa muiñeira), D 795 op 25 (1823)

Texto: Wilhelm Müller (1797-1828)

I Das Wandern (Camiñar)

II Wohin? (¿Cara onde?)

III Halt! (¡Alto!)

IV Danksagung an den Bach (Agradecemento ao regato)

V Am Feierabend (Despois do traballo)

VI Der Neugierige (O curioso)

VII Ungeduld (Impaciencia)

VIII Morgengruß (Saúdo matinal)

IX Des Müllers Blumen (As flores do muiñeiro)

X Tränenregen (Chuvia de bágoas)

XI Mein! (¡Miña!)

XII Pause (Pausa)

XIII Mit dem grünen Lautenbande (Coa verde cinta do laúde)

XIV Der Jäger (O cazador)

XIV Eifersucht und Stolz (Ciumes e orgullo)

XVI Die liebe Farbe (A cor amada)

XVII Die böse Farbe (A cor odiada)

XVIII Trockne Blumen (Flores secas)

XIX Der Müller und der Bach (O muiñeiro e o regato)

XX Des Baches Wiegenlied (Canción de berce do regato)

GABRIEL BERMÚDEZ barítono

O barítono madrileño Gabriel Bermúdez estudou canto coa súa nai, Carmen Rodríguez Aragón, na Escola Superior de Canto de Madrid. Desde a tempada 2002-03 formou parte da compañía da Ópernhaus de Zúric, onde cantou *Il barbiere di Siviglia*, *Ariadne auf Naxos*, *Les Boréades*, *Les indes galantes*, *La Bohème*, *Die Zauberflöte*, *Turandot*, *La finta giardiniera*, *Die Fledermaus*, *La fedeltà premiata*, *La grotta di Trofonio*, *Pagliacci* e *L'Elisir d'amore*. Interpretou *Die Zauberflöte* no Teatro Real de Madrid e en Xerez, *Il barbiere di Siviglia* na Staatsoper de Hannover, *La Bohème* en Valladolid, *Turandot*, *Les Mamelles de Tirésias* (Le Mari) e *I Pagliacci* no Liceu, *Harlekin* na Bastilla, e *Iphigénie en Tauride* e *Die Fledermaus* en Oviedo. Actuou con directores como Harnoncourt, Santi, Gardiner, Welser-Möst, Christie, Minkowsky, Von Dohnányi e Philippe Jordan. Foi galardoado co Premio Teatro Campoamor "Cantante revelación" polo seu Orestes en *Iphigénie en Tauride*. Vén de debutar, como solista, coa Orquesta e Coro Nacionales e, entre os seus proxectos, hai que destacar o seu debut no Ciclo de Lied do Teatro de La Zarzuela, así como *Die lustige Witwe* (Danilo) en Dortmund, *Iphigénie en Tauride* en Leipzig e *Ariadne auf Naxos* na vindeira edición do Festival de Salzburgo.

RUBÉN FERNÁNDEZ-AGUIRRE piano

Currículo no concerto 3